

A. BLASCO

ALBERTO GONZÁLEZ-GARCÉS ■ Biólogo mariño e poeta

“O mar está dentro de min e dentro deste libro”

O investigador presenta o seu primeiro poemario, “unha íntima autobiografía” na que espera que o lector se vexa reflectido

Hai un cadro de Jorge Peteiro nas escaleiras da casa de Alberto González-Garcés no que “baleas sorridentes soben os montes” e “espirais de estrelas escintilan no ceo” –versos iniciais do poema “David Starr Jordan”–. A este doutor en Bioloxía Mariña –que naceu en A Coruña fai 73 anos, pero leva media vida en Vigo– impresionalle tanto esta “marabilla” de imaxe que a escolleu para ilustrar a portada da súa primeira publicación poética, “Alta mar, mar aberta”. Unha autobiografía intimista na que hai balance da súa vida e que presenta o 31 de maio na Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO). É a conclusión á que chegou fecho a composición anteriormente citada: “Penso que estou lonxe, coitado, /nunca estarei lonxe de min mesmo”.

–É a súa primeira incursión na poesía?

–Si. Eu procedo do mundo da investigación científica e mariña. Dirixín o Centro Oceanográfico de Vigo, o Centro Tecnolóxico do Mar e estiven na política pesqueira en Bruselas moitos anos. Escribín moitos documentos científicos e biografías de xente importante en investigación mariña, como Ánxeles Alvarito. Pero esta é a primeira vez que me meto no mundo da poesía. Por que? Primeiro porque bebo moito da cultura da poesía na miña vida. Meu pai, Miguel González Garcés, era un poeta extraordinario e tiña moitos amigos poetas como Xulio López Valcárcel, Xavier Seoane, José María Álvarez Cárceles... E coincidiu coa pandemia, que se atopa tempo para dedicalo a cousas inesperadas. E eu atopei no para escribir poesía.

–Xa facía tempo que quería escribir este libro?

–Non sei se facía tempo, pero xurdiu. Nos obxectivos da miña vida non estaba escribir poesía, pero un día, sentado fronte á miña xanela, observando

as árbores, a natureza, dixen: “Vou escribir algo”. Púxenme e empezaron a saír cousas aos poucos. Agradáronme. Despois dun tempo, pensei en publicalo. Falando con algunha xente, Xulio López Valcárcel, da editorial Medulía, dixon: “Publicámoste”. E eu feliz, cun libro de poesía en galego, nun formato tan bonito e atractivo.

–É unha obra moi íntima. No prólogo, Xavier Seoane fala de autobiografía.


–Si. Pode ser unha íntima autobiografía poética. Van aparecendo as miñas idas e vindas polo mundo. Eu chego á conclusión de que por moito que pasee polo mundo, ao final sempre estou connigo mesmo. Pásanos a todos.

–Dálle pudor que a xente que lea a obra descubra tanto de vostede?

–Non. Cando escribo falo dos meus sentimentos e de min mesmo, pero ao final creo que todos pensamos unhas cousas moi parecidas. Cando nos atopamos fronte á familia, pois temos momentos íntimos, fermosos, problemáticos, desgrazas, enfermidades, morte... Penso que lle pasa a todo o mundo. Conto cousas nas que espero que todo o mundo se atope a si mesmo.

–Tamén é un balance da súa vida, non? Está contento con el?

–Estou contento co balance e coa miña vida. Si, serve de balance. Ten unha parte de pasado, unha parte de presente e unha parte de futuro. Teño os



Alberto González-Garcés,
co libro // María G. Brea

meus anos, pero a pesar diso, sigo pensando que o futuro é noso. Cada un de nós ten que pensar, pase o que nos pase, que o futuro é noso. E temos que pensalo para que o futuro sexa noso. Mirando o pasado, cando vexo fotografías e comentarios de xente que me coñeceu, penso: “Eu non era así”. Eu quedome coa sensación da miña visión do que era no pasado. Despois, a realidade pode que fora diferente. Paso dun pasado incerto a un futuro que é un territorio estranho tamén. Planifícamolo para que sexa dunha maneira e logo, ao final, non sabemos moi ben como vai ser.

–A súa profesión tamén se percibe nos versos. Algúns son moi descritivos. Válese moito dos seus coñecementos científicos?

–Un é consecuencia dos seus coñecementos. Eu veno da investigación mariña e, se me poño a pensar no mar, saíenme as cousas que estudei e que vivín. Como traballei en “alta mar, mar aberto”, no poema [que dá nome ao libro] escribín as miñas experiencias estudando o bonito do norte; as miñas vivencias pescando o alalunga para marcalo e devolvolo ao mar. Aparecen moitos nomes de animais, de vexetais... Eu son biólogo e inevitablemente saen cousas do mundo no que traballo.

–Ademais, o mar é unha fonte de inspiración moi grande para todos os artistas.

–Para todo o mundo. A xente que coñece o mar ou veu unha temporada a visítalo, márcalle. Coñecín a xente de interior que un dos fíos máis importantes da súa vida foi coñecer o mar. Esa inmensidade, esa cousa estranha... Nós estamos acostumados a velo todos os días e non nos chama a atención. Pero para a xente que pasa a súa vida no interior, o mar é un descubrimento, xeralmente, extraordinario. Eu tento aproveitalo todos os días. O mar está dentro de min e dentro deste libro.

de tal. Dubidoso razoamento que provoca confusión no lector, e máis cando mostra as súas desavizas co decisivo Xesús Mato, crego que tanto pulou pola creación do grupo e home de obrigada referencia cando se trate del.

Mero acompaña o seu relato con abondosas cavilacións sobre aquela ruptura e deixa para a posteridade algunhas outras, que á marxe do devir do propio grupo, poden ser de utilidade a calquera afeccionado. Por exemplo, cando trata da súa relación cun estudioso da canción de autor coma Fernando González Lucini, que foi un pioneiro en contextualizar nas aulas a música popular, a medio de imaxes de espazos, persoas e costumes. Partindo do seu exemplo, Mero chega a razoar que a escoita da música, en xeral, vai conformando no seu receptor sensacións fugaces en tanto que non repetíbeis. Persoalmente, creo que estas son as páxinas máis lúcidas do libro, porque o resto delas están guiadas por un criterio parcial, subxectivo, que pouco contribúe a unha valoración acaída de Fuxan os Ventos como grupo moi arraigado que é na sociedade galega.

*Crítico musical. Membro da Asociación Cultural Pertenza

A Kenia como voluntarias, el mejor viaje de fin de grado

Alumnas de Enfermería partirán el 10 de mayo al país africano tras rechazar una escapada a Riviera Maya

C. SERTAL

Finalizaban este ano os estudos superiores de Enfermería e máis que relaxarse en Riviera Maya para celebrar el fin de grado, lo que verdadeiramente les apetecía era empezar a poner en práctica sus conocimientos y prestar ayuda allá en donde fueran necesarias. Es por esto que la vaguesa Pierina Frontado explica que ella y sus amigas Bárbara, Claudia y Cristina tomaron la decisión de cambiar las playas paradisíacas de México por un centro de salud en Kenia.

El próximo miércoles, día 10 de mayo, estas cuatro alumnas de Enfermería partirán al país africano y lo harán cargadas de ropa de bebé, medicamentos, compresas higiénicas para las madres tras el parto, material escolar para niños y juguetes, entre otros. Y es que, por iniciativa de Pierina, lanzaron una campaña de

recogida de enseres que ha batido todas sus expectativas: “Estamos muy contentas, porque llenamos cuatro maletas y vamos a tener que comprar alguna más para poder llevarlo todo. Ahora mismo lo que necesitamos el algo de apoyo económico, porque recaudamos 400 euros, pero nos gustaría llegar a 1.000 euros para ecografías, por ejemplo”.

En colaboración con la Fundación Maisha, estas cuatro jóvenes tendrán la posibilidad de trabajar en un centro de salud en el que, tal y como cuenta la vaguesa Pierina Frontado, “la media de edad de las madres es de 14 años, porque muchas han sido violadas o son obligadas a prostituirse y carecen de medios. Nuestro objetivo es dar el 100% en sus cuidados”. Las personas interesadas en ayudar a estas estudiantes a que puedan llevar a cabo su trabajo en Kenia pueden ponerse en contacto con ellas a través del 600 782 491.



De izquierda a derecha, Bárbara, Pierina, Claudia y Cristina.

CONCELLO
DE VIGO

O CONCELLO INFORMA

TRÁFICO

Pechado ao tráfico, o TÚNEL DE BEIRAMAR, LADO MAR, o domingo 7 de maio de 2023 desde as 7:30 ás 14:00 horas. Exp 133538/210.

Máis información na WEB municipal www.vigo.org na sección tráfico.



xornal.vigo.org | vigo.org



PRINTED AND DISTRIBUTED BY PRESSREADER
PressReader.com +1 604 278 4604
COPYRIGHT AND PROTECTED BY APPLICABLE LAW